

III Convocatoria Premio Antón Fraguas

A Deputación de Pontevedra, o Consello da Cultura Galega e a Asociación Medioambiental e Cultural Canón de Pau comprácese en convocar o **III Premio de Investigación Antonio Fraguas** que con carácter bianual homenaxea a figura incansable do humanista cotobadense celebrando este certame que galardoa un texto de carácter científico que verse sobre aspectos relacionados con Galicia. Os ámbitos da historia, a antropoloxía, a etnografía, o folclore ou a sociolingüística galegas teñen un recoñecemento con este premio que ten unha dotación económica de 3.000 euros, así como a publicación do estudo gañador.

O historiador, etnógrafo, xeógrafo, arqueólogo e divulgador dá nome a este premio que pretende galardoar unha obra que alcance suficientes méritos por arrojar luz sobre algún aspecto de Galicia. Nas anteriores edicións foron premiados os textos *Ensaio sobre a violencia* de Xulio Prada Rodríguez e *Lingua en sociedade. A aldea da Xesteira* de María Dolores Villanueva Gesteira. Os estudos galardoados teñen como punto de encontro Galicia, pero dende ópticas diferentes xa que aínda que a materia prima sexa a mesma o primeiro fai unha achega histórica e o segundo unha análise sociolingüística e antropolóxica dunha comunidade rural. O elo de unión é a Terra e o interese dos temas para o conxunto da sociedade galega.

Os aspectos máis sobranceiros de Galicia deben ser espallados, a riqueza dun país ten que ser coñecida e recoñecida pola súa sociedade e con este propósito a Deputación de Pontevedra, o Consello da Cultura Galega e a Asociación Medioambiental e Cultural Canón de Pau convocan o **III Premio de Investigación Antonio Fraguas** que abre o prazo de presentación de traballos o 9 de marzo e que se prolongará ata o 25 de setembro de 2007. As persoas interesadas poden enviar os exemplares seguindo as bases da convocatoria. O fallo do premio coñecerase a finais de ano.

Toda a información do Premio pode atoparse na páxina web <http://canhondepau.googlepages.com/> pero tamén no documento que se adxunta onde encontraredes as Bases.

Agardamos que participedes cos vosos traballos e difundades o certame entre as persoas que poidan estar interesadas, para calquera dúbida podedes poñervos en contacto con nós a través deste enderezo electrónico.

Co gallo de promover os labores de investigación científica nos ámbitos da historia, a antropoloxía, a etnografía ou folclore, e de homenaxear a D. Antonio Fraguas Fraguas polo seu labor incansable a prol da cultura galega, a Deputación de Pontevedra, o Consello da Cultura Galega e a Asociación Canón de Pau convocan o " Premio Antonio Fraguas" que se rexerá polas seguintes

BASES

1.- Poderán participar todas as persoas que así o desexen, sempre que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega sobre temas históricos, etnográficos ou antropolóxicos cinguidos ao ámbito territorial galego.

2.- A extensión dos escritos é ilimitada. Deberán ser presentados por quintuplicado en formato DIN A 4 mecanografado a dobre espazo e por unha soa cara.

3.- Os orixinais serán enviados por correo certificado, baixo plica, á Asociación Canón de Pau, Aptdo. 372, C.P. 36080, Pontevedra, indicando no sobre:

III Premio "Antonio Fraguas" de Investigación .

4. - O prazo para a recepción de orixinais rematará o día 25 de setembro de 2007.

5.- Establécese un único premio, consistente en 3.000 euros que será outorgado ao ensaio que reúna suficientes méritos científicos. O premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá facer unha mención, que non levará remuneración económica, doutro orixinal.

6.- As institucións convocantes resérvanse todos os dereitos sobre o traballo gañador, incluído o da publicación sen limitación de exemplares nin de edicións, con expresa reserva dos dereitos de edición en calquera lingua, que poderá ceder a terceiros de estimalo oportuno. O traballo gañador publicarase na normativa oficial. O/A premiado/a renuncia pola presente Base aos dereitos de autor/a. A organización entregarlle 30 exemplares da obra publicada.

7.- O Xurado estará composto por cinco membros escolleitos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura, designados polas tres institucións convocantes, dándose a coñecer xunto co fallo. A presidencia do mesmo recaerá no Presidente do Consello da Cultura Galega.

8.- O Xurado emitirá o seu fallo no curso dun acto que se celebrará o día 25 de novembro de 2007, na casa do pobo da parroquia de Loureiro.

9.- O acto de entrega do devandito III PREMIO DE INVESTIGACIÓN "ANTONIO FRAGUAS " será no día, lugar e hora que se comunicará oportunamente.

10.- No caso da súa solicitude por escrito, enviaranse aos autores e ao seu cargo, nun prazo de tres meses, aqueles orixinais non premiados. Transcorrido dito prazo serán destruídos.


11.- A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes Bases, así como as decisións do Xurado designado, que serán inapelables.

Galicia, marzo de 2007



**TERCEIRO PREMIO DE
INVESTIGACIÓN
ANTONIO FRAGUAS**


CONVOCAN:



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



CONSELLO DA CULTURA GALEGA



**Asociación Medioambiental
e Cultural "Cañón de Pau"**